« A perfect day »

«A perfect day»

Xacobe Meléndrez Fassbender,
curador de «A perfect day»
para o Outono Fotográfico

Un día perfecto préstase a múltiples miradas, como diversos son os puntos de vista dos artistas.

Documentos, reflexións, busca da beleza, denuncia..., compromiso coa realidade no exterior pero tamén no máis íntimo. Cámara, fotografías captando ondas concéntricas arremedadas polas lentes: o máis persoal en autorretratos da mirada, o cotián próximo sempre, a familia e os amigos no contorno inmediato; a visión do «outro» no veciño descoñecido empatizado; as outras realidades non vividas en distorsións e fantasías luminosas; a natureza, a arquitectura...

Paixón e experiencia, miradas novas e maduras que se pousan nos universos persoais e se comparten até multiplicar a visión da realidade, enriquecéndoa con detalles e situacións insinuadas as veces, notificadas outras. Metáforas e luces que descobren as sombras e magnifican o cotián até mitificalo, ou reescriben máxicas realidades paralelas.

«Los Purificados» é un colectivo novo de persoas diversos países, idades, procedencias, inquedanzas..., que se expresan artisticamente a través da fotografía. Confían en que a sinerxía dos seus traballos e achegas persoais lles permita achegar o seu traballo ao público que nalgures esta á procura da súa obra. Perseguen espazos en que expresarse coa valentía, co exhibicionismo, coa desinhibición da que só e capaz o artista. En pouco máis dun ano de andanza presentan por segunda vez obra no Outono Fotográfico, en Ourense, pero tamén mostraron a súa obra en Valencia, en Granada e en Italia, no festival fotográfico de Roma. O grupo está constituído por setenta e sete membros, dos que vinte e cinco participan no proxecto «A perfect day», que se colga no Museo Municipal de Ourense, articulan o seu traballo a través da súa web www.lospurificados.com, que serve de nó de comunicación e sala de exposición permanente.

Participantes nesta mostra:
Manu Alarcón, Antón Atrio, Marta Calvo, Sara Córdoba, Carolina Carouli, María Castellanos, José Luis Domínguez Real, Juan Carlos Fernández Pérez, Xavier Gómez *Gisart,* Emilio Jiménez, Xavier Liz, Paco Marco, Mónica McClintc, Xacobe Meléndrez, Victoria Miñana, Alicia Moneva, Carmen Muñoz Sáez, Paula Noya, Josean Pablos, Nuria Pozas, Joserra Puelles, Vanessa Rábade, Fernando Rodríguez Albarrán, Verónica Rodríguez Álvarez, Paz Vicente e Subversión de Luxe.

María Castellanos
Algo de ti



Xavier Liz
Aquí de novo

Vanessa Rábade
O Tapal

Verónica Rodríguez
Vas ou ves

Paz Vicente

De momentos conxelados